

NOVO PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN, CORENTENA E SEGUIMIENTO DOS CASOS NA UDC

Co obxecto de establecer as medidas de prevención específicas, atendendo á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria actual, e seguindo a tendencia de actuacións das autoridades sanitarias, infórmase o novo protocolo de comunicación, corentenas e seguimento dos casos COVID-19 na UDC.

En calquera caso, recórdase que, as persoas que experimenten algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible. Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

As actuacións son as seguintes:

1. Positivo por proba diagnóstica de infección activa (test antíxenos, PCR,...)

CASO A. Corentena de 7 días se nos 3 últimos non hai síntomas e tes a pauta completa de vacinación e seguimento sanitario.

Se nos días 5º a 7º non tes síntomas poderías retomar a actividade académica presencial extremando as precaucións e reducindo todo o posible as interaccións sociais, utilizando de forma constante a máscara e evitando o contacto con persoas vulnerables.

CASO B. Corentena de 10 días se nos 3 últimos tes síntomas ou non tes a pauta completa de vacinación e seguimento sanitario.

INFORMACIÓN

TODOS/AS Se as autoridades sanitarias coñecen o caso, debes seguir as súas instrucións e recomendacións.

Se as autoridades sanitarias non coñecen o caso, debes contactar con elas a través do 881 540 045, do teu centro de saúde ou médico de familia, ou a través da web do Sergas <https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Autodeclaracion-caso-sospeitoso-COVID> ou da APP sergas mobil <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Aplicacion-mobil-Sergas-Mobil?idioma=es> e seguir as súas instrucións e recomendacións.

Co fin de avaliar a posible transmisión do virus na UDC, informar sobre a súa presenza ou contacto estreito con membros da comunidade universitaria nas 48 horas anteriores a coñecer que es positivo/a.

ALUMNADO Informa ao profesorado da túa ausencia.

Código Seguro De Verificación	QV7WBN96QzK7hNDiqZVHqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	21/02/2022 09:24:59
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/QV7WBN96QzK7hNDiqZVHqQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



PERSOAL Baixa médica / Conciliación Covid (habilita o traballo non presencial, indicándoo nas observacións).

2. Contacto estreito cun positivo

CASO C. Se presentas síntomas compatibles coa COVID-19 (febre, tose, sensación de falta de aire,...), fai corentena preventiva e contacta co teléfono gratuito do Sergas 881 540 045 para solicitar atención médica e seguir as súas instrucións e recomendacións.

INFORMACIÓN

ALUMNADO Informa da situación a info.covid@udc.gal, xunto ao centro e ao profesorado da túa ausencia.

PERSOAL Informa da situación a info.covid@udc.gal, xunto ao centro e solicita Conciliación Covid (habilita o traballo non presencial, indicándoo nas observacións).

CASO D. Non presentas síntomas compatibles coa COVID-19 (febre, tose, sensación de falta de aire,...), entón podes facer vida normal e actuar con precaución.

Recoméndase realizar un test de antíxenos se:

- ✓ Aparecen síntomas compatibles coa COVID-19
Seguir o indicado no **CASO C**
- ✓ Non aparecen síntomas ao 5º día do contacto co positivo.

Resultado test:

- Negativo vida normal.
- Positivo ir ao **PUNTO 1**.

CASO E. Se o contacto estreito é cun positivo convivinte menor de 12 anos. **So para persoal da UDC e alumnado con fillos/as.**

Informa da situación a info.covid@udc.gal, xunto ao centro e solicita Conciliación Covid (habilita o traballo non presencial) mentres perdure a situación de corentena do menor.

Seguir as instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias.

Se tes síntomas ir ao **CASO C**.

Se non tes síntomas ir ao **CASO D**.

CASO F. Se un fillo menor de 12 anos e convivinte é contacto estreito dun positivo. **So para persoal da UDC e alumnado con fillos/as.**

Informa da situación a info.covid@udc.gal, xunto co centro e solicita Conciliación Covid (habilita o traballo non presencial) mentres perdure a situación de corentena do menor.

Seguir as instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias.

Código Seguro De Verificación	QV7WBN96QzK7hNDiqZVHqQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	21/02/2022 09:24:59	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/QV7WBN96QzK7hNDiqZVHqQ==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			